



AVISO DA DIRECCIÓN XERAL DE EMERXENCIAS E INTERIOR DUN EPISODIO DE FENÓMENOS METEOROLÓXICOS ADVERSOS PARA GALICIA

DATA DE ENVÍO: 21/10/2025

TIPOLOXÍA: CHUVIAS E VENTO

NIVEL DE ALERTA: AMARELO

A Axencia Estatal de Meteoroloxía (AEMET) informa no boletín 291/71GAL emitido ás 11:09 horas do 21/10/2025, dun fenómeno meteorolóxico adverso de nivel AMARELO por **CHUVIAS** que afectará á **Pontevedra** a partir do mediodía e ata media noite de hoxe e á **Coruña (Noroeste)** a partir das últimas horas da tarde de hoxe e ata a mañá do día 22/10/2025, cunha precipitación acumulada en 12 horas que poderá superar os 40 mm.

No mesmo boletín informa de nivel AMARELO por **CHUVIAS** que afectará á **Coruña (Interior), Ourense (Miño, Noroeste, Sur) e Pontevedra (Interior, Miño)** a partir das 18:00 horas do día 22/10/2025, cunha precipitación acumulada que pode superar os 15 mm nunha hora e os 40 mm en 12 horas.

Así mesmo, informa dun fenómeno meteorolóxico adverso de nivel AMARELO por **VENTO** que afectará aos seguintes ámbitos xeográficos:

- A Coruña (Noroeste e Interior) e Lugo (A Mariña e Centro), que se iniciará sobre as 12:00 horas do día 22/10/2025, con refachos que poden superar os 80 km/h.

- Lugo (Montaña) Ourense (Montaña, Noroeste, Miño, Sur, Valdeorras) e Pontevedra (Interior), que se iniciará sobre as 20:00 horas do día 22/10/2025, con refachos que poden superar os 80 km/h.

Polo que a Dirección Xeral de Emerxencias e Interior comunícalles que, en previsión destes feitos: **ADOPTEN** as medidas preventivas necesarias ante as citadas predicións meteorolóxicas e, no seu caso, **ALERTEN** ou **MOBILICEN** aos medios e recursos a dispor. Ante calquera emerxencia chame ao 112.

No caso de precisar información máis puntual ou desagregada, chame ao Centro Integrado de Atención ás Emerxencias 112 Galicia, ou consulte a páxina web da AEMET: www.aemet.es, do CIAE 112: www.axega112.gal, e de Meteogalicia: www.meteogalicia.es